

## **ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR 2022** **INFORMACIÓN A PAS**

Seguindo a Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e F.P , pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos, no CPI Luís Díaz Moreno procederase, durante o mes de novembro, ás votacións para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, renovación que afectará a:

- Tres membros do profesorado.
- **Un membro do persoal de administración e servizos (PAS)**
- Un membro do colectivo de pais/nais.

### **Quen pode votar**

Tódolos membros da comunidade escolar que figuren no censo que aprobará a Xunta Electoral e formen parte do colectivo PAS.

### **Modo de emitir o voto**

- O voto será directo, secreto e non delegable. Deberase mostrar, no momento da votación, o DNI ou documento similar.
- Os modelos de papeletas e sobres de votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral; haberá cantidade suficiente no local de votación.
- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as por orde alfabética, e cada persoa electora poderá marcar tantas cruces como membros que haxa que renovar ( neste caso **unha soa cruz** pois só se renova un membro).

### **Presentación de candidaturas**

Todos os membros da comunidade escolar (colectivo PAS) , que figuren no censo aprobado pola Xunta Electoral, poden presentar as súas candidaturas na secretaria do centro, no prazo que fará público a Xunta Electoral.

### **Calendario**

- O **xoves , 28 de outubro ás 12.45**, na biblioteca do centro, procederase ó sorteo público dos membros da Xunta Electoral, que estará formado, ademais de pola directora, por un membro do profesorado, un pai ou unha nai (ou titor/a legal), unha persoa representante do PAS e un membro do alumnado de ESO.
- Convocarase os membros da Xunta Electoral a unha primeira reunión que se celebrará o **mércoles, 3 de novembro, ás 09.50**. Nela, a XE deberá constituírse formalmente, aprobar os escritos que se enviarán á AMPA e ó Concello, aprobar e publicar os censos e concretar o calendario electoral. O que decida a XE a este respecto, publicarase no taboleiro do centro e na páxina web.